



# CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
867/2024	A Xunta de Goberno Local	27/08/2024

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

**EXPEDIENTE 867/2024. CONTRATACIÓNS. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “TRANSPORTE INTERPARROQUIAL E OUTROS”.**

Favorable      Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto que por Providencia de Alcaldía de 04/06/2024 acordouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 04/06/2024 xustificouse a necesidade de contratar a execución do programa denominado “TRANSPORTE INTERPARROQUIAL E OUTROS”.

Dada a característica do servizo considérase como procedemento máis axeitado o procedemento aberto.

Vistos pregos que rexen a contratación que constan incorporados ao expediente.

Visto que con data 04/06/2024 foi emitido Informe pola Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Vista Resolución da Alcaldía de data 04/06/2024 aprobando o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato de servizo “TRANSPORTE INTERPARROQUIAL E OUTROS”, por procedemento aberto con publicidade no perfil e procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 4412.22799.

Vistas as proposicións presentadas polos licitadores e a proposta da mesa de contratación de relativa a adxudicar o contrato a AUTOCARES RIAS BAIXAS SL con CIF: B36019990 transcrita na acta que literalmente di:





*“La mesa acuerda propone al órgano de contratación como adjudicatario AUTOCARES RIAS BAIXAS SL al resultar la oferta más ventajosa de conformidad con lo establecido en los Pliegos.”*

Visto requisitos realizados e vista a documentación presentada por AUTOCARES RIAS BAIXAS SL según o previsto nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, incluída a garantía por importe de 995,00 euros unha vez subsanados os defectos apreciados.

En base a anteriormente exposto

Vista a proposta de resolución PR/2024/629 de 14 de agosto de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 21 de agosto de 2024.

## RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Adxudicar á empresa AUTOCARES RIAS BAIXAS SL con CIF: B36019990 o contrato de servizo “TRANSPORTE INTERPARROQUIAL E OUTROS” por procedemento aberto, aprobado por Resolución de Alcaldía de data 04/06/2024, polos seguintes importes unitarios:

LICITADOR	PRECIO TRANSPORTES INTERPARROQUIAL	PRECIO TRANSPORTES ESTIVAL PRAZAS 55	PRECIO TRANSPORTES ESTIVAL PRAZAS 40
<b>AUTOCARES RIAS BAIXAS SL</b>	BASE: 269,00€ IVA: 26,90€ TOTAL: 295,90	BASE: 698,00€ IVA: 966,00€ TOTAL:10.626,00	BASE: 595,00€ IVA: 59,50€ TOTAL: 654,50

O importe máximo da contratación e polo tanto o gasto máximo ascende a 19.900,00 euros, ao que lle corresponden 1.990,00 euros de IVE, o que fai un total de 21.890,00 euros IVE incluído a executar segundo o disposto nos pregos que rexeron a licitación e a oferta presentada

**SEGUNDO.** Dispor do gasto por importe de 21.890,00 euros anuais con cargo á partida 4412.22799, do orzamento vixente de gastos. Facturarase mensualmente polos servizos efectivamente prestados de conformidade con exposto nos pregos unha vez executado o servizo previsto:

- Oficina contable: LO1150660 Intervención Xeral
- Órgano xestor: LO1150660 Alcaldía-Presidencia
- Unidade tramitadora: LO1150660 Secretaría-Intervención.

**TERCEIRO.-** O obxecto do presente contrato é a execución do servizo “TRANSPORTE INTERPARROQUIAL E OUTROS” segundo a oferta presentada e o previsto nos pregos que rexen a contratación .





## Concello de O Pino

**CUARTO.-** O prazo de execución será de un ano con posibilidade de tres prórrogas de unha anualidade cada unha delas .

**QUINTO.** -Designar como responsable do contrato conforme co disposto na LCSP a Don Manuel Taboada Vigo.

**SEXTO.** Notificar, nos termos previstos no artigo 158 da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

**SÉPTIMO.** Notificar a AUTOCARES RIAS BAIXAS SL con CIF: B36019990 adxudicatario do contrato, o presente acordo e citarlle para a firma do contrato que terá lugar por medios telemáticos.

**OCTAVO.** Publicar a formalización do contrato de no Perfil de contratante.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

